



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica	Código	652G02040	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Profesorado	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia está orientada ao traballo práctico, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o contorno, o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe e de transposición de coñecementos.</p> <p>Trabállase sobre contidos do currículo da Educación Primaria, en temas e aspectos concretos da realidade xeográfica e histórica galega, a fin de coñecer, deseñar, experimentar, e aplicar a metodoloxía didáctica que se precisa para o ensino do medio nesta etapa.</p> <p>A metodoloxía a seguir está fundamentada na participación activa do alumnado nas actividades que se realizan e que conforman o núcleo da materia. A mesma dinámica do curso irá definindo os centros de interese do alumnado que irán conformando a materia dende a súa estrutura xeral.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A24	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
A32	Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais.
A33	Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego.	B1	
	B3	
	B15	



Diseñar traballos de indagación e propostas didácticas sobre o entorno galego.		B4 B5 B8 B9 B16	
Coñecer e comprender os temas e momentos principais da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa didáctica na Educación Primaria.	A24 A32 A33		
Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do entorno do currículo de Educación Primaria: a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico.	A32 A33		
Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A14 A34 A35	B6	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introducción ao Medio Xeográfico e Histórico de Galicia.	- Fundamentos metodolóxicos da materia. - Contidos e metodoloxía - Do contorno inmediato ao universal.
Unidade 2. Temas de xeografía física e humana.	- O clima, o relevo, a auga, a flora, a fauna. - A poboación. - Acción humana no medio. - As formas de vida ao longo do tempo e as mudanzas na actualidade.
Unidade 3. Paisaxes naturais, históricas e culturais.	- As fontes de información e documentación no entorno. - Iniciación á recolleita de información sobre a paisaxe a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - Observacións de paisaxes naturais, históricas e culturais.
Unidade 4. Evolución histórica dende os primeiros poboadores.	- A Prehistoria e a Historia na educación Infantil: temas e recursos. - A vida cotiá dende os primeiros poboadores. - A Arte e outras manifestacións da comunicación e da creatividade das persoas.
Unidade 5. Galicia contemporánea.	- A vida cotiá das xeracións inmediatas anteriores. - Temas significativos: da II República á Democracia. A emigración. - A vida no século XXI.
Unidade 6. Temas monográficos.	- Temas monográficos no discurso da historia e recursos para a didáctica. Nesta unidade trataranse cuestións concretas que ao longo do curso vaian xurdindo, motivadas polo interese que esperten os temas traballados, con especial atención ás propostas didácticas.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	3	9.5	12.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	3	3	6
Discusión dirixida	6	1	7
Saídas de campo	8	24	32
Sesión maxistral	16	1.6	17.6
Proba mixta	2.5	30	32.5
Atención personalizada	2	0	2



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Ao inicio de cada unidade fanse debates de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xordan a dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Realízase algunha actividade tipo conferencia, charla, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de actualizar os seus coñecementos e coñecer experiencias relacionadas co ámbito da materia.
Discusión dirixida	Levarase a cabo durante todo o curso, con especial incidencia naqueles temas que requiran unha maior participación na discusión, para traballar a capacidade de exposición, diálogo e argumentación principalmente.
Saídas de campo	Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática cara á recollida de información do medio xeográfico e histórico galego para a percepción do seu potencial educativo e formador. Son saídas concebidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. Son a base para a realización de propostas didácticas por parte do alumnado.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realízase co apoio de documentación específica e terá especial incidencia na metodoloxía e na práctica para a didáctica do medio histórico e xeográfico.
Proba mixta	Realízase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Teranse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de síntese, capacidade de relación e creatividade.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O traballo colaborativo terá un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	30
Proba mixta	Realízase unha proba escrita que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Teranse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de síntese, capacidade de relación e creatividade.	30
Discusión dirixida	Participación nos debates de aula	10
Aprendizaxe colaborativa	Ao longo do curso realízanse actividades e traballos que serán avaliados como grupo e individualmente.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A asistencia será obrigatoria e as alumnas e alumnos realizarán comentarios escritos acerca das actividades.	10
Outros		

Observacións avaliación



Na avaliación terase en conta a asistencia a clase nas sesións expositivas e a asistencia ás sesións de docencia interactiva (que será obrigatoria) así como a participación activa nestas. Valorarase a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo, os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita, a creatividade e as actitudes positivas. Na primeira oportunidade de avaliación terán carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non concorran á "proba mixta", e non realizaran as actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas metodoloxías relacionadas. Por tanto, para ter NON PRESENTADO non poden ter feito actividade ningunha da materia. Terán carácter de SUSPENSO aqueles/as alumnos/as que non téndose presentado á "proba mixta" tiveran realizado previamente calquera das outras actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas "metodoloxías". De superaren as avaliacións destas actividades, conservaráselles a cualificación ate a segunda oportunidade de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Carballo, X. ((2007)). Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado.. Vigo: Nigra Trea
- Gallego Rei, M. ((2008)). As lendas. Propostas para traballar coas lendas galegas.. Vigo: Ir Indo
- AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea
- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra
- Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata
- Andrade Cernadas, J.M. ((1995)). Didáctica de la Hª de Galicia. Tosoxoutos
- Armas Castro, X. coord. ((2002)). Ensinar Historia de Galicia.. Santiago: ICE
- Torres Santomé, J. et al., ((2002)). Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos.. Santiago: Universidade
- Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundwerg
- AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial.
- Carballo Arceo, L.X. ((2005)). Guía de los castros de Galicia. Vigo: NigraTrea
- Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea
- Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia
- Villares, R., Armas, J., et al ((1990)). Historia de Galicia. Textos y materiales para su historia.. Barcelona: Crítica
- Rodríguez Troncoso, M. ((2005)). Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.. Vigo: Ir Indo
- Pazo Labrador, A. X. ((2007)). Nocións básicas de xeografía xeral física para mestres: as consecuencias xeográficas dos procesos naturais.. Vigo: Universidade
- Peña Santos, A. de la ((1999)). Os petroglifos galegos.. Vigo: A Nosa Terra
- Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea
- Saavedra Fernández, P. ((1994)). Vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen.. Crítica, Barcelona

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, é necesaria a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras como nas sesións interactivas e en todas as actividades desenvoltas no contexto da materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías